



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **seis de febreiro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnen as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado D. Miguel Fernández Méndez .

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA		Página	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xaneiro de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS, CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS E DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN E DESINFECCIÓN NOS CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, MEIRA, POL, CASTROVERDE, A FONSAGRADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, NAVIA DE SUARNA, RIBAS DE SIL E RIBADEO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención da lexiónelosis e desratización, desinsectación e desinfección nos centros de atención as persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Ribadeo, 2026/CON_02/000001, consta no mesmo:

1. Orden de inicio de expediente de contratación. CSV: IV7RUUIPJR54ZGM6C5MRFYXOD4¹.
2. Memoria xustificativa do contrato. CSV: IV7RUUIPJR54ZGM6C5MRFYXOD4.
3. Prego de prescricións técnicas. CSV: IV7RUUIJFURZ7TNY4XQRCQPCKA.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito. CSV: IV7QGILYLY4LTLFZUYEHAVKUAQ.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares. CSV: IV7RU2KOBMVDRWOM5UPVCMYWPY.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7RU2K3PRRK5VM74ZESMBKWGQ.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7RUYJZLAPN7CZJCNXUAQ77HY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	2/19





1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención da lexiónelosis e desratización, desinsectación e desinfección nos centros de atención as persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, a Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Ribadeo, 2026/CON_02/000001, para unha duración de un ano coa posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 113.307,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 23.794,47 €, o que fai un total de 137.101,47 € €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

CAM	Orzamento	Importe 2026	A	Importe 2027	RC
TRABADA	15.406,93 €	3.539,25 € 4.360,84 €	920269/62	7.506,84 €	220269/60

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	3/19



MEIRA	15.243,58 €	3.466,65 € 4.415,29 €	920269/63	7.361,64 €	220269/61
POL	15.243,58 €	3.466,65 € 4.415,29 €	920269/64	7.361,64 €	220269/62
CASTROVERDE	15.116,53 €	3.466,65 € 4.288,24 €	920269/65	7.361,64 €	220269/63
A FONSAGRADA	15.243,58 €	3.466,65 € 4.415,29 €	920269/66	7.361,64 €	220269/64
PEDRAFITA	15.243,58 €	3.466,65 € 4.415,29 €	920269/67	7.361,64 €	220269/65
NAVIA DE SUARNA	15.116,53 €	3.466,65 € 4.288,24 €	920269/68	7.361,64 €	220269/66
RIBAS DE SIL	15.243,58 €	3.466,65 € 4.415,29 €	920269/69	7.361,64 €	220269/67
RIBADEO	15.243,58 €	3.466,65 € 4.415,29 €	920269/70	7.361,64 €	220269/68
TOTAIS	137.101,47 €	70.701,51 €		66.399,96 €	

Aplicación: 2315.21255 e 2315.212

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2026, polo importe relacionado, para a anualidade 2026.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2027 a cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DE TITULARIDADE DA FINCA AFECTADA POR EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Nesta Deputación Provincial está tramitándose o expediente “Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do polígono industrial da Fonsagrada. Solo urbanizable industrial SUDI-1”. Detectouse un erro material respecto á identificación dunha titular da finca 40 no acordo da Xunta de Goberno do 10/10/2025 que aprobou as follas de aprecio do expediente.

De conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Rectificar a titularidade da finca 40 do expediente “Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do polígono industrial da Fonsagrada. Solo urbanizable industrial SUDI-1”, deste xeito:

Fincas	Titularidade aprobada no acordo da XG do 10/10/2025	Titularidade correcta
40	María Lidia, María Jesús e María Carmen Díaz Fernández	María Lidia Fernández Neira, María Jesús Díaz Fernández e María Carmen Díaz Fernández

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	4/19





4.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE ARQUEÓLOGO/A, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Arqueólogo/A para poder atender as necesidades da Rede Museística Provincial e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2025 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación do persoal empregado público, publicados na páxina web da entidade www.deputacionlugo.gal (Temas - Recursos Humanos – Selección Temporal).

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de Arqueólogo/A, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	5/19



2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 31 de outubro de 2025 e publicadas no BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025.

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, PARA PRESTAR SERVICIOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Comunicación Audiovisual para poder atender as necesidades da Deputación Provincial de Lugo e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as e que estarán publicados na páxina web da entidade www.deputacionlugo.gal (Temas - Recursos Humanos – Selección Temporal).

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	6/19





Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Comunicación Audiovisual, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 31 de outubro de 2025 e publicadas no BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA		Página	

6.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA NOMEAR A DONA IRIA PALACIOS FERNÁNDEZ, DONA UXÍA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DON DIEGO PÉREZ FLORES E DON JUAN CARLOS FERNÁNDEZ LÓPEZ PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN, CATRO PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR, DA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021. A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de oposición, catro prazas de auxiliar, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditadas polas persoas aspirantes proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo, nomeando como persoal funcionario de carreira a:

Dona Uxía Fernández Fernández, para ocupar a praza número 959, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 1641, vinculado á citada praza.

Dona Iria Palacios Fernández, para ocupar a praza número 957, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 1637, vinculado á citada praza.

Don Diego Pérez Flores, para ocupar a praza número 956, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 1636, vinculado á citada praza.

Don Juan Carlos Fernández López, para ocupar a praza número 582, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C – subgrupo C2, do

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	8/19





cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 663, vinculado á citada praza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA CONTRATAR A DON NOEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A DO GRUPO C SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de maquinista-condutor/a, cota xeral, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	9/19



Don Noel Fernández Álvarez, para ocupar a praza número 3344, denominada maquinista-condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado maquinista-condutor/a entrada número 1634, vinculado á citada praza.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA CONTRATAR A DON CRISTIAN JESÚS PRECIADO DOBARGANES, DON CARLOS RAMOS LÓPEZ E DON PABLO LÓPEZ MÉNDEZ PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, TRES PRAZAS DE PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, tres (3) prazas de peón/peoa reparación vías provinciais, cota xeral, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Cristian Jesús Preciado Dobarganes, para ocupar a praza número 3341, denominada peón/peoa reparación vías provinciais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa reparación vías provinciais entrada número 1638, vinculado á citada praza.

Don Carlos Ramos López, para ocupar a praza número 3342, denominada peón/peoa reparación vías provinciais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo

	IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Fecha y Hora	11/02/2026 12:21:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RUOSMF7Z22VNMWEWNJ5YXAA	Página	10/19





da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa reparación vías provinciais entrada número 1639, vinculado á citada praza.

